



## Avisos

\* **En breve** o Concello de Boimorto publicará **as seguintes convocatorias:**

- Formación **bolsa de traballo praza xerocultor- auxiliar de xeriatría** da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto.
- **Persoal técnico de información, orientación e prospección de emprego**
- **Socorrista para a piscina municipal**

O anuncio destes procedementos de selección será publicado no taboleiro de anuncios tanto da oficina de emprego de Melide como do Concello e na páxina web.

\* Adhesión do Concello de Boimorto ao "**Convenio de colaboración para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa**" coa solicitude de dúas brigadas de 4 compoñentes.

\* Visto que o modelo de cooperativa de vivendas en propiedade é o máis demandado polos solicitantes, e coa idea do Concello de levar a cabo esta iniciativa, tan interesante para todos en xeral pero máis concretamente para a xente nova; abrimos esta proposta as persoas que aínda que non estean empadroados no Concello de Boimorto queiran adquirir unha vivenda a través da cooperativa. O prazo para facer a solicitude remata o 8 de xuño de 2014.

## Centro de Maiores

\* **EXCURSIÓN ÁS PÍAS** O luns 9 de xuño imos Ás Pías. O concello organiza unha saída para todos os que queiran ir a Sobrado, esta excursión é aberta a todos os veciños/as.

A saída de Boimorto farase sobre ás 10:30 horas, desde o centro de maiores e o bus do concello fará o percorrido coma sempre. Despois da misa, sobre as 2 do mediodía iremos a comer ao bar Cepo de Sobrado. Sobre ás 16:30 está previsto o regreso.

Para anotarse, no centro de maiores, hai de prazo ata o día 5 de xuño e deberá haber un mínimo de 40 anotados. O prezo da excursión é de 16€ e aboarase no momento de anotarse.

## Servizos sociais

\* **Vacacións IMSERSO:** Continúa aberto o prazo para solicitar as vacacións do IMSERSO ata o 5 de xuño, poden pasar por Servizos Sociais no horario de sempre. Os requisitos para optar a este programa son: persoas residentes en España que teñan como mínimo 65 anos cumpridos, pensionistas de xubilación do sistema público de pensións ou pensionistas de viudedade do sistema público de pensións de idade igual ou superior ós 55 anos, pensionistas de incapacidade ou outros pensionistas do sistema público de pensións e prexubilados que acaden os 60 anos cumpridos. A documentación que deberán traer é o DNI e os xustificantes das pensións.

\* **Servizo Axuda no Fogar:** Recordarlle a aqueles usuarios do servizo de axuda no fogar que aínda non o fixeron que entreguen nos Servizos Sociais unha copia dos DNI da unidade familiar para poder continuar co trámite dos seus expedientes.

\* **Punto de Atención á Infancia:** Do 9 ao 28 de xuño estará aberto o prazo de inscrición para novos alumnos do PAI para o curso 2014/2015. Se estás interesado/a en traer ao teu fillo/a á gardería de Boimorto podes pasar pola mesma ou ben por Servizos Sociais onde poderás obter toda a información. Se coñeces algunha persoa que estea buscando gardería non dubides en remitila a Boimorto.

## Festival de la Luz

Xa están á venda nos comercios de Boimorto as entradas do Festival que este ano se celebrará o 13 e 14 de setembro en Andabao. Os prezos son os mesmos que os destes anos (10€ un día e 15€ os dous días) e a recadación integra destinarase á investigación das Enfermidades raras.

**Voluntariado:** Tal e como se fixo o ano pasado prevemos que imos a necesitar bastante xente para a coordinación das distintas áreas do Festival; co cal, abrimos un prazo para que todos aqueles que queiran participar de voluntarios no festival se veñan anotar. O prazo rematará o 11 de xullo de 2014.

# Actividades adultos - Verán 2014

**Piscina Municipal:** O vindeiro 15 de xuño terá lugar a apertura da piscina municipal. O horario da mesma será de luns a domingo de 12:00 a 20:00.

**Cursos de natación:** De 16 anos en diante. Nivel básico. Os luns e mércores de 13:45 a 14:30. Do 1 de xullo ó 29 de agosto. Prezo: Carné de socio.

**Aquagym:** Exercicios acuáticos que con baixo impacto nas articulacións favorece a circulación sanguínea, a corrección postural, a tonificación muscular,... De 16 anos en diante. Os martes e xoves de 13:45 a 14:30. Do 1 de xullo ó 29 de agosto. Prezo: Carné de socio.

**Ximnasia de mantemento adultos:** Actividade que mellora a nosa saúde física con diversos exercicios de tonificación, flexibilidade... exercicios con FITBALL e con colchoneta de fitness, coreografías de baile, xogos e deportes adaptados ó grupo. De 16 anos en diante. Os xoves dos meses de Xullo e Agosto, de 20:00 a 21:00. Comezo o 3 de xullo ata o 21 de Agosto. No pavillón polideportivo de Boimorto. Prezo: carné de socio. Mínimo 10 inscritos.

**Ximnasia no centro de maiores:** Actividade dirixida a maiores de 60 anos, con exercicios adaptados á idade e grupo: exercicios de baixo impacto, stretching, mobilidade articular... Todos os días da semana durante o mes de Xullo de 12:15 a 13:00. Todo aquel que queira asistir poderase aproveitar do servizo de autobús que o concello dispón. No Centro de Maiores de Boimorto. Actividade gratuíta.

**Actividades de raqueta:** Aprendizaxe técnico con xogos e circuítos. Competicións de habilidades e partidos. Nivel: básico e medio. A partir de 16 anos. Os martes e xoves do 1 de xullo ó 21 de agosto

- ~ Tenis e bádminton I: de 18:00 a 19:00 (iniciación)
- ~ Tenis e bádminton II: de 19:00 a 20:00 (perfeccionamento)

Na pista de tenis exterior ó lado do colexio. Recomendase: levar raqueta propia, en caso de non tela prestaráselle. Prezo: Carné de socio. Mínimo 8 inscritos por grupo.

✓ Para ter acceso a calquera actividade programada é obrigatorio estar en posesión do carné de socio que inclúe acceso á piscina+ximnasio. Prezo bono individual 10 €/ano e bono familiar 20€/ano.

✓ En todas as actividades terán preferencia os empadroados no concello de Boimorto

✓ Haberá que cubrir a Folla de Inscripción na casa do concello para asistir as actividades

✓ O prazo para as inscricións para as actividades infantís, xuvenís e adultos remata o venres 27 de xuño.

✓ O Concello poderá modificar/cancelar a programación da actividade en caso de non haber un número mínimo de participantes nas distintas actividades. Avisarase a cada persoa en caso de modificar algún plan establecido.

✓ A participación nas actividades suporá a aceptación destas normas.

**En canto ás ACTIVIDADES INFANTÍS E XUVENÍS DE VERÁN nos próximos días entregaremoslle ós nenos/as do colexio o folleto informativo completo.**